

Resolución de 14 de marzo de 2024 pola que se nomean funcionarios e funcionarias de corpos docentes universitarios.

De conformidade coas propostas elevadas polas Comisións de selección nomeadas para xulgar os concursos de acceso convocados por Resolución de 28 de decembro de 2024 (BOE do 12 de decembro de 2024, de conformidade co artigo 35.2 do Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo e acreditados polas persoas interesadas os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser nomeados funcionarios para a provisión de prazas dos Corpos Docentes Universitarios.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu efectuar os nomeamentos que se relacionan no anexo.

Estes nomeamentos producirán plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polas persoas interesadas, que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación da presente Resolución no “Boletín Oficial do Estado”.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 14 de marzo de 2024. - A vicerreitora de profesorado, María Teresa López Fernández Por delegación do reitor (10/07/2024)

ANEXO

Nome e apelidos	Corpo docente	Área de coñecemento	Departamento	Nº Praza
Fernando Pedro Bruna Quintáns	Profesor Titular de Universidade	Fundamentos da Análise Económica	Economía	24/021
Óscar Fresnedo Arias	Profesor Titular de Universidade	Teoría do Sinal e Comunicaciónse Tecnoloxía Electrónica	Enxeñería de Computadores	24/022
Elena Pazos Chantrero	Profesora Titular de Universidade	Química Orgánica	Química	24/023